



XERA-Madeira 2024

Axudas a CMVMC, pemes, autónomos, cooperativas e entidades sen ánimo de lucro para a realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais

MR502B – MR502F

(Nota: esta presentación non ten vinculación legal sendo as bases da convocatorias aquelas que dispoñen de tal condición)



Axudas a particulares para proxectos e/ou obras

- ❑ **Orzamento:** 5 M € de fondos propios da Xunta de Galicia.
- ❑ **Réxime:** suxeito ao Regulamento (UE) 2023/2831 de **minimis** e en **concorrenza NON competitiva** > as **solicitudes** resolveranse por orde de rexistro de entrada de expediente completo.
- ❑ **Que se subvenciona?**
 - **MR502B** (liña 1.1): Os custos dos honorarios técnicos de redacción de proxectos de construción nova, rehabilitación ou reforma de edificacións que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais. Os proxectos poderán redactarse nunha única fase ou dividirse en proxecto básico e de execución.
 - **MR502F** (liña 2.1): A compra e colocación de produtos de madeira con finalidade estrutural, dos sistemas de compartimentación, envolvente e acabados en obra nova, rehabilitación de edificacións que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais.
- ❑ **Uso das edificacións:** deberán destinarse a uso residencial colectivo, industrial (incluída a transformación e comercialización de produtos agrícolas ou forestais), comercial, recreativo, hoteleiro, oficinas, sanitario-asistencial, educativo, cultural ou deportivo.
- ❑ **Quen pode ser beneficiario/a?:** CMVMC, pemes (incluídos autónomos) con domicilio social ou centro de traballo e Galicia e cooperativas, asociacións, organizacións, fundacións, e entidades sen ánimo de lucro con actividade en Galicia.
- ❑ **Prazo de presentación de solicitudes:** ata o 02/05/2024 ou ata o esgotamento dos fondos (se tivera lugar, publicarase o esgotamento no DOG e na web da Axencia).



Que requisitos teñen que cumprir os proxectos e as obras?

- A **estrutura** da edificación será realizada **total ou parcialmente con madeira**.
- Cando menos, o 20 % do orzamento de execución material do proxecto (OEM) e/ou os custos de execución material da obra corresponderase a produtos de madeira ou derivados da madeira (incluída a súa colocación).**
- Para o cómputo desta porcentaxe, **só** considerarán aqueles elementos que sexan utilizados cunha **finalidade estrutural ou nos sistemas de compartimentación, na envolvente (incluída carpintaría exterior) ou acabados**.

SI computa no 20%

- Uso estrutural en entramado lixeiro, entramado pesado, estrutura masiva de madeira, combinación ou mixto sexa para cuberta, forxado, muros/pilares ou sistemas de compartimentación.
- Fachadas e envolvente, por ex.: fachadas ventiladas de madeira, de lama sobre rastrel, celosías, etc.
- Carpintarías exteriores e acabados en exterior, por ex.: portas, fiestras, pavimentos, etc.

NON computa no 20%

- Carpintarías interiores, pavimentos e acabados. Exemplos: portas e dinteis, frisos, revestimentos de escaleiras, armarios, tarima ou parqué, etc.



Gastos subvencionables

Serán **subvencionables os gastos realizados dende o 01/01/2024** ata a data límite de xustificación, quedando excluídas as actuacións xa finalizadas na data de presentación da solicitude.

Salvo que o gasto se tivese iniciado con anterioridade á publicación da convocatoria, cando o importe (IVE excluído) do investimento supere os 15.000 € na liña 1.1 ou 40.000 € na liña 2.1, deberán achegarse coa solicitude de axuda **3 ofertas** de diferentes provedores que deberán estar **asinadas electronicamente**.

NON se considerarán subvencionables:

- O imposto sobre o valor engadido (IVE) que sexa recuperable conforme á normativa nacional, así como os impostos de natureza similar que sexan recuperables.
- As taxas de permisos ou licenzas.
- O custo do visado colexial.
- Custos dos honorarios técnicos correspondentes á redacción de anteproxecto á dirección de execución, á dirección de obra ou á coordinación da seguridade e saúde en fase de execución.



Importes das axudas

- **50% do gasto subvencionable**, esta porcentaxe poderá incrementarse acumulativamente **ata o 70%**:
 - **+10%** se o solicitante asume o compromiso de que o proxecto e, de igual modo, a obra contemple a utilización de, cando menos, un produto de madeira procedente de **montes galegos** xestionados de forma sustentable (**PEFC ou FSC**). Para demostrar dita orixe e calidade deberá garantirse a súa rastrexabilidade mediante o uso da plataforma pública e gratuíta da Xunta de Galicia denominada [FORTRA](#).
 - **+10%** se o solicitante asume o compromiso de que o proxecto e, de igual modo, a obra contemple a utilización de, cando menos, un produto de madeira ou derivado da madeira que dispoña da marca de garantía [Pino de Galicia](#).
 - **MR502B (liña 1.1) - proxecto:** o importe máximo da axuda será de **35.000 €**
 - **MR502F (liña 2.1) - obra:** o importe máximo da axuda será, de modo xeral, **20.000 €** e incrementarase ata:
 - **30.000 €**, cando os custos correspondentes aos produtos de madeira ou derivados da madeira e a súa colocación supoña, cando menos, o **30 % dos custos de execución da obra**.
 - **40.000 €**, cando os custos correspondentes aos produtos de madeira ou derivados da madeira e a súa colocación supoña, cando menos, o **40 % dos custos de execución da obra**.
- * Adicionalmente, no caso de edificación en altura: **+ 20.000 € por cada planta** piso ou alta.
- Axuda máxima acumulada (MR502B + MR502F) por beneficiario: 70.000 €, de modo xeral, e 120.000 € no caso de edificación en altura



Principais obrigas das entidades beneficiarias

❑ Xustificación das actuacións subvencionadas

MR502B (liña 1.1) – proxecto

- Anualidade 2024: xustificación ata o **15/10/2024** dos gastos realizados dende o 01/01/2024 ata o 15/10/2024.
- Anualidade 2025: xustificación ata o **30/06/2025** dos gastos realizados dende o 15/10/2024 ata o 30/06/2025.

MR502F (liña 2.1) – obra

- Anualidade 2024: xustificación ata o **15/11/2024** dos gastos realizados dende o 01/01/2024 ata o 15/11/2024.
- Anualidade 2025: xustificación ata o **30/09/2025** dos gastos realizados dende o 15/11/2024 ata o 30/09/2025.

❑ Execución total da obra con posterioridade á xustificación e cobro da axuda

- É unha obriga dos beneficiarios de calquera liña e o seu incumprimento é causa de reintegro da axuda percibida.
- Deberá finalizarse nun prazo de **30 meses dende a data de visado** do proxecto, realizando a estrutura utilizando, total ou parcialmente, produtos de madeira e manter a proporción dos custos dos produtos de madeira de tal xeito que supoña, cando menos, o 20% dos custos de execución da obra finalizada.
- No prazo dun mes dende que tivo lugar, deberá presentarse unha **comunicación de fin de obra** achegando a documentación requirida no artigo 21 das bases reguladoras.



Exemplo:

Un aserradoiro (coa condición de PEME) desexa realizar unha ampliación (por tanto destinado ao uso industrial) e utilizará unha estrutura masiva de madeira (CLT+viga laminada), carpintaría exterior e finalmente unha fachada termotratada na cara leste da dita ampliación, supoñendo un 42% do orzamento. Dispoñen de proxecto básico co que iniciaron os trámites para a obtención de licenza de obra o 02/02/2024. Solicitan dúas axudas (o IVE, ao ser recuperable pola empresa, non é subvencionable):

MR502B 1.1.- Honorarios pola redacción do proxecto de execución de obra. Importe: 18.500 € (IVE non incluído).

MR502F 2.1.- A partida correspondente ao material madeira para usos estrutural e envolvente (carpintaría e fachada) e a súa instalación está orzamentado en 73.000 € (IVE non incluído).

Utilizarán para o CLT e a fachada termotratada coa marca de garantía "Pino de Galicia" (axuda: 50% + 10% = 60%).

O importe de axuda será de:

Liña 1.1.- 60% de 18.500 € = 11.100 €. Non supera importe máximo de 35.000 €.

Liña 2.1.- 60% de 73.000 € = 44.000 €. Supera importe máximo de 40.000 €.

Total: 51.100 € (11.100€+40.000€). Non supera o importe máximo de 70.000 €.

DOG

Bases e convocatoria >> [acceso](#)

DOG nº 72, venres 12 de abril de 2024



Máis información: 881 995 473



madeira-xera.cmr@xunta.gal



@XERA Axencia Galega da Industria Forestal



www.xera.xunta.gal



@XERAindustriaforestal



@xera.xunta



Presentación de solicitudes en sede electrónica >> [acceso](#)



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL